

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 07/05/2019



PARLAMENTO
DE GALICIA

2. Mocións.....	3
2.1 10/MOC-000141 (0049575).....	3
(0049575) Entrada da iniciativa.....	4
(0049608) Emendas dos grupos parlamentarios	5
2.2 10/MOC-000142 (0049577).....	6
(0049577) Entrada da iniciativa.....	7
(0049611) Emendas dos grupos parlamentarios	8
2.3 10/MOC-000143 (0049578).....	10
(0049578) Entrada da iniciativa.....	11
(0049596) Emendas dos grupos parlamentarios	13
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	17
3.1 10/PNP-002965 (0039703).....	17
(0039703) Entrada da iniciativa.....	18
(0049592) Emendas dos Grupos Parlamentarios	21
3.2 10/PNP-003045 (0040520).....	23
(0040520) Entrada da iniciativa.....	24
(0049599) Emendas dos Grupos Parlamentarios	26
(0049594) Emendas dos Grupos Parlamentarios	27
(0049609) Emendas dos Grupos Parlamentarios	29
3.3 10/PNP-003244 (0043406).....	31
(0043406) Entrada da iniciativa.....	32
(0049590) Emendas dos Grupos Parlamentarios	36
(0049595) Emendas dos Grupos Parlamentarios	38
3.4 10/PNP-003366 (0044919).....	40
(0044919) Entrada da iniciativa.....	41
(0049597) Emendas dos Grupos Parlamentarios	44
3.5 10/PNP-003658 (0048340).....	45
(0048340) Entrada da iniciativa.....	46
(0049598) Emendas dos Grupos Parlamentarios	49
(0049591) Emendas dos Grupos Parlamentarios	51
(0049610) Emendas dos Grupos Parlamentarios	53
3.6 10/PNP-003685 (0048750).....	55
(0048750) Entrada da iniciativa.....	56
(0049593) Emendas dos Grupos Parlamentarios	61
(0049612) Emendas dos Grupos Parlamentarios	63

2. MOCIÓN.

2.1 10/MOC-000141 (0049575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 47773, publicada no BOPG nº 446, do 21.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)



(0049575) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co Réxime horario do persoal docente non universitario (doc. núm. 47773).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a recuperar os horarios do persoal docente non universitario anteriores ao regulado nas ordes do 23 de xuño de 2011 e do 4 de xuño de 2012.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/05/2019 12:15:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2019 12:15:34





(0049608) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:34:14
Nº Rexistro: 49608
Data envío: 06/05/2019 17:34:14.404

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **49575 (10/MOC-000141)** Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 47773, publicada no BOPG nº 446, do 21.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar ao Goberno central que habilite o financiamento para o ensino galego, de acordo co previsto na Disposición final primeira da Lei 4/2019, de 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria; como paso previo a que se poida adoptar a decisión máis acaída respecto dos horarios do persoal docente”.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019.

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 06/05/2019 17:31:46

Pedro Puy Fraga na data 06/05/2019 17:31:54



CSV: REXISTRO07GCP0W09
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



2.2 10/MOC-000142 (0049577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 45516, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)



(0049577) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción, para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde (doc. núm. 45516)

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º. Comprometer unha dotación de prazas de fisioterapia nas vindeiras convocatorias OPE que permita un incremento dun 50 % nas prazas de atención primaria nos vindeiros 3 anos.
- 2º. Avaliar as funcións atribuídas aos profesionais de fisioterapia en atención primaria actualmente, e estudar a posibilidade de amplialas aproveitando a súa formación e as súas competencias que permitan diversificar a asistencia á cidadanía a través da multidisciplinariedade na atención primaria.
- 3º. Publicar e difundir, nun prazo máximo de 2 meses, a Guía de actuación de fisioterapia na atención primaria de Galicia, e atender ás súas recomendacións.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2019 12:15:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2019 12:15:09



CSV: REXISTRO: pFBXEh55
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0049611) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta as seguintes **emendas de engádega** á **Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 49577 (10/MOC-142)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o 7 e 8 de maio de 2019.

Emenda nº 1 de engádega:

Débese engadir no punto 1º. o seguinte texto:

“de tal forma que os centros de saúde contén con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, haberá unha profesional de referencia o máis preto posible.”

Emenda nº 2 de engádega:

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

“4º. Acondicionar ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria que o precisen, para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante exercicio terapéutico.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019.

CSV: REXISTRO8Mh7c005
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:49:24
Nº Rexistro: 49611
Data envío: 06/05/2019 17:49:24.916

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/05/2019 17:48:47

Luis Villares Naveira na data 06/05/2019 17:48:56

CSV: REXISTRO8Mdt7c4005
Verificación:
<https://sede.parlamento.galicia.gal/tramites/csv/>





2.3 10/MOC-000143 (0049578)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 19848, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)



(0049578) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 19848 (10/INT-000653)** debatida na sesión plenaria do 29 de abril de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Cesar ao Director Xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces.
- Mudar as políticas da minería cara un modelo que cumpra estritamente a lei e que priorice o principio de precaución e de sustentabilidade.
- Derrogar a Lei 04/2017 de Fomento de Iniciativas Empresariais de Galicia.
- Desestimar definitivamente o proxecto de reapertura da Mina de Touro-O Pino, por ser insostible ambientalmente e perigosa para a vida das persoas do entorno.”

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2019 13:02:21
Nº Registro: 49578
Data envío: 03/05/2019 13:02:21.734



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 03/05/2019 13:01:05





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:58:15
Nº Rexistro: 49596
 Data envío: 06/05/2019 16:58:15.236

das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa *Autorización de Vertedura* do órgano de conca *Augas de Galicia*, para o que se deberá iniciar a súa tramitación coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identificar os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un *Proxecto de Execución da Restauración* independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un *Proxecto de Medidas Ambientais* onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os niveis de calidade normativos.

10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abrangue todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os posibles erros detectados nos documentos do proxecto.

12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO0006HP48
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramites/csv/>





13. Incluir un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.
16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.
17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.
18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.
19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.
20. Incluir un *Proxecto de Abandono da Explotación*, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.
21. Incluir un *Plan de Vixilancia Ambiental* detallado, segundo os contidos establecidos no propio Informe.
22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais etc...).
23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados dos labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:58:15
Nº Rexistro: 49596
 Data envío: 06/05/2019 16:58:15.236

órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar desde o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 16:54:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:54:38

CSV: REXISTRO0006HP48
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franquesa/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



3. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

3.1 10/PNP-002965 (0039703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar



(0039703) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, e a deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia da grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deben ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo dismantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.
2. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior supuxo a extinción de ensinanzas por falta de alumnos interesados en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.



Por outro lado, é necesario mudar as políticas relativas os servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades, o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, desde os horarios ata o custo económico.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 2º) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acadase unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.
- 3º) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexa cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2018 12:25:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2018 12:33:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 12:33:48



(0049592) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **39703 [10/PNP-002965]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 7 de maio de 2019.

Emenda de substitución

Substitúese o punto segundo polo seguinte texto:

“2. Derrogar o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación e aprobación, de maneira dialogada, doutro que garanta, progresivamente, a xestión pública e directa así como a gratuidade do servizo para o conxunto do alumnado.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO:LB0ne9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





8891226
889122642222
065200

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 16:53:48
Nº Rexistro: 49592
Data envío: 06/05/2019 16:53:48.886

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2019 16:48:59

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2019 16:49:04

CSV: REXISTROCLBOInes9
Verificación:
<https://sede.parlamento-de-galicia.gal/tramites/csv/>





3.2 10/PNP-003045 (0040520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos



(0040520) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envío: 19/11/2018 19:04:54.449

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A posta en marcha, a pasada lexislatura, da totalidade da Vía de Altas Prestacións que une Lugo con Monforte, determinou unha mellora considerable nos tempos de desprazamento entre ambas as localidades.

O feito de evitar os múltiples accesos que caracterizan a LU-546 e o centro das vilas e pobos que se atopan no seu trazado supuxo unha mellora considerable para os usuarios desta vía de altas prestacións, que se desprazan dende o sur da provincia ata a súa capital, e viceversa.

Tanto é así que os tráficoos neste trazado téñense incrementado dende a posta en servizo desta infraestrutura, de modo moi apreciable.

O proxecto deseñado e executado no seu día polo Goberno autonómico xa contemplaba o desdoblamento do primeiro tramo deste vial, entre Nadela e Sarria, para convertelo en autovía. Non só no que atinxe ás condicións estruturais dos seus viadutos, senón tamén as expropiacións necesarias para abordar tal desdoblamento, nunha boa parte do trazado.

O Partido Popular, que liderou a execución desta vía, tamén liderou a reclamación de que fora desdoblado en autovía, e así aparece recollido no programa electoral co que concorreu ás eleccións do ano 2016.

En cumprimento de tal compromiso, o Goberno galego ten licitado e adjudicado a redacción do proxecto nun tramo de 11,5 km, entre Sarria e a saída Páramo – A Pobra de San Xiao.

Os orzamentos do ano 2019, contemplan unha partida de un millón de euros para a licitación das obras ao longo deste próximo ano.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40520
Data envío: 19/11/2018 19:04:54.449

Cómpre porén, avanzar tamén na redacción do proxecto de desdobramento do resto do trazado entre Nadela e Sarria, neste ano 2019, a fin de ir efectuando os trámites administrativos que permitan materializar o antes posible esta conversión en autovía.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela a fin de avanzar de forma definitiva no total desdobramento desta infraestrutura”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:59:48

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/11/2018 19:00:02

Martín Fernández Prado na data 19/11/2018 19:00:16

Jaime Castiñeira Broz na data 19/11/2018 19:00:30

Jacobo Moreira Ferro na data 19/11/2018 19:00:40

Marta Novoa Iglesias na data 19/11/2018 19:02:30

Gonzalo Trenor López na data 19/11/2018 19:03:28

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/11/2018 19:04:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0049599) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos (doc. núm. 40520).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* a seguinte frase:


“Así como o tramo Sarria-Monforte.”

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/05/2019 16:52:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:52:26



CSV: REXISTRO2L1YYXTJ6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



(0049594) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:54:06
Nº Rexistro: 49594
 Data envío: 06/05/2019 16:54:06.741



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **40520 [10/PNP-003045]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 7 de maio de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar e desenvolver todos os trámites necesarios para converter en autovía o Corredor Nadela –Monforte.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO6DZ:1mz99
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





8817226
88172264272
0034981

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 16:54:06
Nº Rexistro: 49594
Data envío: 06/05/2019 16:54:06.741

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2019 16:51:02

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2019 16:51:14

CSV: REXISTRODIZ1hnd9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0049609) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 40520, do Grupo Parlamentario Popular, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos, incluída na orde do día do 7 de maio de 2019.(10/PNP-003045).

Emenda de Adición

Débase engadir ao final da parte resolutiva un novo punto:

-O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reverter os recortes nas partidas orzamentarias dedicadas ao mantemento e construción de estradas.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTROWHAENVEE7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:35:29
Nº Registro: 49609
Data envío: 06/05/2019 17:35:29.786



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/05/2019 17:30:52

Luis Villares Naveira na data 06/05/2019 17:31:00

CSV: REXISTROWHAENVEE7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





3.3 10/PNP-003244 (0043406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva



(0043406) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
 Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao incremento das contías económicas e do público albo das axudas periódicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tres meses, o pasado 17 de outubro a empresa Alcoa anunciou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Desde entón houbo máis palabras que feitos por parte das administracións responsábeis. Desde Bloque Nacionalista Galego temos que dicir que non estamos satisfeitas co papel que teñen impulsado as administracións responsábeis, nin co do Estado nin co da Xunta de Galiza: unicamente preocupada por buscar culpables para eludir calquera responsabilidade. Esa non é a forma de afrontar un problema tan importante do punto de vista do país.

Falamos de Alcoa, falamos de 400 postos de traballo, de 400 familias. Por extensión, falamos de toda a industria electrointensiva e de se este país dá un paso de xigante para a súa desindustrialización ou vai aproveitar os debates que se abriron para dar estabilidade a un sector que ten unha gran dependencia dos prezos enerxéticos.

De forma concreta, o grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na

CSV: REXISTRO=68T=08Ax=9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
 Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720



8817326
 881732642219
 0034981
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza. Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 50% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un máis estábel, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, está de extrema actualidade.

Neste momento, Xunta e Estado non teñen posto unha alternativa sobre a mesa. Son responsábeis de non poñerse ao fronte dunha estratexia industrial que permita recuperar o futuro de Alcoa e é preciso que levanten o veto encuberto á intervención pública e non apoie o desmantelamento encuberto que supón o até agora ofertado por Alcoa, que suporía un peche escalonado pero finalmente un peche.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar de forma urxente o rescate público de Alcoa por parte do Estado español a través da SEPI e tomar todas as medidas necesarias conducentes a evitar a interrupción dos procesos de electrolise.

2. Rectificar a súa política de incumprimento dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de traballo con todas as partes implicadas para consensuar as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
 Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720

medidas a defender buscando o garante do mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

3. Constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade na que a Xunta de Galiza abandone o seu sectorismo ao excluír da mesma as organizacións sindicais, de cara a analizar as posíbeis repercusións para Galiza de cada unha das poxas, das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego. A primeira reunión deberá convocarse en menos dunha semana.

4. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo e con variacións predicíbeis para a subministración da industria electrointensiva, que se poderá acoller sempre e cando cumpran condicións de mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva e cumprimento dun plan industrial que será fiscalizado por parte das administracións públicas.

5. Defender que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.”

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 15/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43406
 Data envío: 14/01/2019 14:18:10.720



8807026
 880702642219
 064200
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 14:16:12

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 14:16:17

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 14:16:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 14:16:20

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 14:16:26

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 14:16:28

CSV: REXISTRO-BET-QBMA-9
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0049590) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **43406 [10/PNP-003244]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 7 de maio de 2019.

Emenda de substitución

Substituír o punto 1 polo seguinte texto:

“1.- Demandar do goberno central que no caso de non haber solución para a situación de Alcoa active os mecanismos para a adquisición pública a fin de asegurar, alén dos seis meses inicialmente pactados, o mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto non aparece un investidor privado solvente. Para iso, a Xunta de Galiza comprométese a, dentro dos seus instrumentos e capacidades, colaborar en desenvolver os estudos xurídicos e económicos complementares precisos conducentes a reforzar e promover que o goberno

CSV: REXISTRO004023819
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 13:04:59
Nº Registro: 49590
 Data envío: 06/05/2019 13:04:59.118



8871236
 88172842229
 065200

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

central active os mecanismos legais existentes de cara a ter prevista esta
 posibilidade no próximo mes de xullo.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/05/2019 10:43:14

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2019 10:43:18





(0049595) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva (doc. núm. 43406).

Emenda de modificación

O contido do punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

3. Convocar unha *Mesa Sectorial da Industria Electrointensiva en Galicia*, na que se integren todos os axentes económicos e sociais implicados, para buscar posibles novos investidores, para facilitar que os posibles investidores coñezan as empresas e para desenvolver un programa específico de incentivos dentro das súas competencias.

Emenda de modificación

O contido do punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

5. Demandar ao Goberno central que estude a modificación da escala de tarifas de alta tensión, para crear unha nova tarifa destinada especificamente á industria electrointensiva e ultra-electrointensiva, que sitúe as baixadas medias en termos porcentuais da nova tarifa en termos similares aos descensos da nova tarifa 6.2 de media tensión.

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 16:57:50
Nº Registro: 49595
Data envío: 06/05/2019 16:57:50.377

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 16:53:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:53:39



CSV: REXISTROmV6J3-H26
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franquesa/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



3.4 10/PNP-003366 (0044919)

Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quintero Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade



(0044919) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder aos tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo vén de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermidades mentais en moitos Estados e pide aos mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos

CSV: REGISTRO-R9YkLdh3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 30/01/2019 13:23:07
Nº Rexistro: 44919
 Data envío: 30/01/2019 13:23:07.905



trastornos mentais e que desenrolen modelos alternativos de acceso exentos de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ao tratamento médico preciso e pide aos Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

En base ao anteriormente dito, faise preciso crear protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque, non pode ser que o acceso a según que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores, dependan da sorte que teñan de ser dunha provincia ou doutra, é preciso superar o modelo das UTIGs e centrarse nos dereitos das persoas

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.) Impulsar protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans, que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo.
- 2.) Que facilite o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2019 13:23:07
Nº Registro: 44919
Data envío: 30/01/2019 13:23:07.905



Asdo.: Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2019 13:15:29

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2019 13:15:43

Luis Villares Naveira na data 30/01/2019 13:15:57

CSV: REXISTRO-RBY4JH3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





(0049597) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade (doc. núm. 44919).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1º. Cumprir a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- 2º. Consensuar, antes de que remate o ano, o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais coas organizacións LGTBI galegas e as demais administracións implicadas.
- 3º. Impulsar durante a X lexislatura unha lei integral de identidade de xénero en Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/05/2019 16:55:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:55:43





3.5 10/PNP-003658 (0048340)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca



(0048340) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:48:04
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 29/03/2019 13:48:04.092

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

O cambio climático é unha realidade que se pode comprobar observando o medio que nos rodea, unha realidade que está a afectar ao conxunto do planeta e que provoca efectos negativos en elementos esenciais como a auga, un dos elementos máis valiosos para a vida humana.

En Galicia tamén se comezan a percibir os efectos do cambio climático, que presenta indicios de modificar o réxime de choivas da nosa comunidade, dando lugar a períodos de escaseza de auga. Nos últimos anos, os períodos de escaseza de precipitacións e, derivado disto, a diminución dos recursos hídricos dispoñibles, a existencia de eventos que poden reducir puntualmente a calidade da auga destinada a consumo humano ou os efectos do cambio climático, puxeron de manifesto a existencia de situacións que poden levar a que a garantía do abastecemento poida chegar a estar comprometida.

Desde este grupo parlamentario cremos que garantir a subministración de auga, en cantidade e calidade adecuada, exige unha necesaria coordinación entre todas as administracións con competencias na materia. Debe haber unha resposta áxil, acertada e coordinada por parte de todas as administracións competentes para poder enfrontarnos aos cambios que, sen dúbida, se producirán.

A Administración autonómica, a través do organismo Augas de Galicia xa elaborou o Plan de Seca da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, dotándose así dun instrumento que permite á administración, ante un posible episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos derivados desta situación.

Tamén se fai necesario que as administracións locais se doten de instrumentos xurídicos adecuados para poder xestionar estes eventos de seca coa dilixencia e eficacia que a súa propia natureza demanda. Porque estes plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca constitúen os instrumentos básicos de planificación

CSV: 55mP-LJ1pe7
Verificación:
https://seca.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2019 13:48:04
Nº Rexistro: 48340
Data envío: 29/03/2019 13:48:04.092

das administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento urbano para xestionar os posibles períodos de escaseza de precipitacións.

A este respecto, cómpre indicar que a lexislación vixente establece que as administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun Plan de emerxencia ante situacións de seca, que deberá ter en conta as regras e medidas establecidas en base ao disposto na lei.

Aínda que a obriga se estableza para os grandes municipios, os pequenos concellos tamén deberían contar con estes plans de emerxencia e deberían ter a opción de poder elaborar o seu propio Plan de emerxencia ante situacións de seca, por si mesmas, ou ben co apoio das Deputacións Provinciais correspondentes. Tendo en conta, ademais, que no caso de que sexan elaborados polas Deputacións Provinciais, estes plans poderían agrupar a dous ou máis sistemas de abastecemento urbano, co fin de optimizar a dispoñibilidade dos recursos hídricos ante unha situación de escaseza de precipitacións e problemas no abastecemento de auga.

Poder adoptar con seguridade decisións que nos dirixan cara a un uso máis racional da auga, decisións tan cotiás como o rego de parques, o mantemento de campos de fútbol, encher as piscinas públicas ou poder executar ou planificar a execución, a modo de prevención, de obras menores hidráulicas como poden ser as melloras de tomas ou pozos de sondaxe, é una tarefa que corresponde realizar ás administracións responsables dos sistemas e da prestación dos servizos básicos do ciclo urbano da auga. Unha prestación que lles corresponde realizar aos concellos conforme a unha planificación de xestión coa que xa deberían contar e adoptando as medidas adicionais necesarias na súa rede de cara a optimizar o sistema de abastecemento e evitar a perda de auga en rede.

Por todo o exposto anteriormente, desde este grupo parlamentario formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1.- Demandar dos concellos a elaboración dos plans de emerxencia ante situacións de seca e levar a cabo as actuacións necesarias na rede municipal de abastecemento ao obxecto de solucionar os problemas existentes e evitar a perda de auga en rede, en aras de estar mellor preparados ante posibles situacións de diminución dos recursos hídricos dispoñibles.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 29/03/2019 13:48:04
Nº Rexistro: 48340
 Data envío: 29/03/2019 13:48:04.092

2.- Instar ás Deputacións Provinciais a que presten apoio a aqueles municipios que carezan de recursos técnicos e económicos para a realización dos plans de emerxencia ante situacións de seca.

4.- Prestar asesoramento e apoio cando así sexa requirido por parte das administracións locais na elaboración dos seus respectivos plans de emerxencia ante situacións de seca.

5.- Exercer un labor de coordinación entre os plans de emerxencia municipais e o Plan de seca da demarcación hidrográfica Galicia Costa elaborado pola Administración hidráulica galega”

Santiago de Compostela, 29 marzo de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/03/2019 13:42:37

Gonzalo Trenor López na data 29/03/2019 13:42:57

Martín Fernández Prado na data 29/03/2019 13:43:12

Jaime Castiñeira Broz na data 29/03/2019 13:43:41

Diego Calvo Pouso na data 29/03/2019 13:43:49

Jacobo Moreira Ferro na data 29/03/2019 13:43:59

Marta Novoa Iglesias na data 29/03/2019 13:44:25

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/03/2019 13:44:51

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/03/2019 13:45:12



CSV: 58mPJLH97
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0049598) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca (doc. núm. 48340).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, cos obxectivos de paliar os efectos da seca e das inundacións e acadar o bo estado ecolóxico e a axeitada protección das augas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio co medio ambiente natural, os caudais e as demandas ambientais, ao seguinte:

1. Cumprir escrupulosamente a Directiva Marco da Auga, do ano 2000.
2. Promover un uso sostible das masas de auga.
3. Garantir, xunto coas entidades locais, o subministro de auga en cantidade e calidade axeitadas.
4. Recuperar os sistemas nos que a presión sobre o medio hídrico teña producido un deterioro, protexendo e mellorando o medio acuático e reducindo a contaminación.
5. Propiciar a reutilización das augas residuais debidamente depuradas.
6. Analizar os efectos económicos, sociais, medioambientais e territoriais da auga, procurando a recuperación de custes ao beneficiario.
7. Elaborar e traer ao Parlamento, antes de que remate o ano 2019, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúan unha auditoría hidrolóxica e, como mínimo, as seguintes medidas de consumo responsable:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:59:17
Nº Rexistro: 49598
 Data envío: 06/05/2019 16:59:17.004

- 1ª Xestión da contorna das correntes de auga.
- 2ª Contra a contaminación e a sobreexplotación dos acuíferos,
- 3ª Respecto dos caudais ecolóxicos.
- 4ª Xestión do uso diario da auga de consumo, comezando polos edificios públicos.
- 5ª Sectorización das redes de abastecemento, incluídas técnicas en busca de fugas.
- 6ª Regulación da presión da rede en función da demanda.
- 7ª Priorización dos procesos de potabilización.
- 8ª Elaboración de campañas de aforro e eficiencia no consumo de auga.

8. Prestar todos os medios técnicos e persoais dispoñibles para que os concellos, previo acordo coa Fegamp e coas deputacións de Galicia, elaboren plans de emerxencia ante situacións de seca.

9. Incluír todo o anterior no proceso de revisión do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2015-2021, en concreto, nos traballos do terceiro ciclo de planificación hidrolóxica correspondentes ao período 2021-2027.

10. Establecer unha partida orzamentaria específica para o cumprimento dos anteriores puntos.

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/05/2019 16:56:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:56:59





(0049591) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 49591
 Data envío: 06/05/2019 16:42:18.037



GRUPO PARLAMENTAR
 BLOQUE NACIONALISTA
 GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **48340 [10/PNP-003658]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 7 de maio de 2019.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento aos acordos parlamentarios a respecto do desenvolvemento do pacto local da auga, en especial das medidas relacionadas coa priorización dos investimentos en materia de obras hidráulicas, estrutura tarifaria de referencia, mellora da eficiencia na distribución e racionalización do consumo.
2. Desenvolver a lei de augas mediante a elaboración e aprobación do Plan xeral galego de abastecemento de auga e os plans de zona de abastecemento e saneamento.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG

CSV: REXISTROBNG/RSR/19
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





8807026
881702642219
063200

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 16:42:18
Nº Rexistro: 49591
Data envío: 06/05/2019 16:42:18.037

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/05/2019 16:41:42

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2019 16:41:46

CSV: REXISTROBNGRSEBNG
Verificación:
<https://sede.parlamento-de-galicia.gal/ramites/csv/>





(0049610) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 48340 do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca, incluída na orde do día do 7 de maio de 2019.(10/PNP-003658).

Emenda nº 1 de Modificación

Débense substituír os puntos 1 e 2 da Proposición non de lei polos seguintes:

“1.- Desenvolver un plan de actuación en colaboración cos concellos e as deputacións para a elaboración dos plans de emerxencia ante situacións de seca naqueles concellos que demanden colaboración, así como para levar a cabo as actuacións precisas na rede municipal de abastecemento ao obxecto de solucionar os problemas existentes e evitar a perda de auga na rede.

2.-Prestar apoio a aqueles municipios que carezan de recursos técnicos e económicos para a realización dos plans de emerxencia ante situacións de seca.”

Emenda nº 2 de Adición

Débase engadir ao final da parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

“6- Impulsar un plan medioambiental de coidado do ciclo da auga, baseado na redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro, na protección das cabeceiras dos ríos, das turbeiras, dos humidais, dos cauces de ríos e regatos, na





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:36:11
Nº Rexistro: 49610
Data envío: 06/05/2019 17:36:11.134



redución de especies arbóreas con altos consumos de recursos hídricos como eucaliptos e acacias, na recuperación de bosque autóctono máis favorable á acumulación de auga no chan, no establecendo impostos especiais a industrias con altos consumos hídricos e máis medidas que determinen os expertos”.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/05/2019 17:33:49

Luis Villares Naveira na data 06/05/2019 17:33:57





3.6 10/PNP-003685 (0048750)

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
co uso do galego nas entidades bancarias



(0048750) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao uso do galego nas entidades bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Mesa pola Normalización Lingüística vén de publicar un informe titulado “O uso do galego nas páxinas web das entidades bancarias”, no que analiza “como empregan os diferentes bancos o galego nas súas páxinas web, aplicacións e caixeiros”. O obxectivo do documento é expoñer “se as galegas e os galegos poden desempeñar as súas actividades financeiras no seu propio idioma, tal e como debería garantir a lei e como ocorre con outros idiomas oficiais do Estado”.

A lexislación é ben clara ao respecto. No punto 3 do artigo 5 do Estatuto de Autonomía lese:

“Os poderes públicos de Galicia garantirán o usos normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

A disposición adicional sexta da Lei 1/2010 de comercio di:

CSV: REXISTROD00XU0H6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 04/04/2019 16:46:59
Nº Rexistro: 48750
 Data envío: 04/04/2019 16:46:59.975



“Os prestadores de servizos que operen no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, especialmente a partir da Lei 3/1985, do 15 de xuño, de normalización lingüística, con arranxo ao disposto no apartado 4 do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Para estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita na lingua galega”.

Pola súa banda, a Lei galega de comercio 2/2012, do 28 de marzo, establece que:

“Os consumidores, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galiza, sempre e cando a contratación se realizase ou o consentimento se manifestase no territorio da comunidade autónoma de Galiza, así como nos supostos de publicidade, ofertas, promocións ou comunicacións comerciais recibidas en Galiza”.

Atendendo aos datos que achega o informe da Mesa, é claro que na práctica “non se garante o exercicio pleno do dereito a usar o galego recibindo na mesma lingua todo tipo de información for na sinalización ou na atención oral e escrita”. De feito, nin un só banco “permite materialmente o seu exercicio ao non se establecer o deber da empresa de corresponder ese dereito de forma activa utilizando a lingua elixida pola usuaria ou usuario que, en numerosos casos, se ve obrigado a cambiar de lingua se non é comprendido por persoal da empresa e non que atinxe á documentación formal da relación comercial vese compelido a non

CSV: REXISTRO000XV1GH16
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 04/04/2019 16:46:59
Nº Rexistro: 48750
 Data envío: 04/04/2019 16:46:59.975



poder formalizala en lingua galega, pola falta de dispoñibilidade, con carácter ordinario, de modelos contractuais e formularios na lingua propia”.

Que se vulnere o dereito a ser atendido na lingua propia é moi grave, pero é aínda peor nos casos nos que as empresas bancarias disfrutan dun convenio público co Goberno da Xunta de Galicia. “Baixo o nome de entidades financeiras colaboradoras, agrúpanse un grupo de bancos que gozan de exclusividade ao que as persoas usuarias deben acudir para realizar determinados trámites como ferramenta vehicular para a realización de actividades obrigatorias e necesarias como o pagamento de taxas universitarias, sancións administrativas, e diversas taxas por servizos públicos administrativos, venda de bens etc”.

Das 14 entidades bancarias que teñen un convenio coa Xunta, só catro “ofrecen os servizos web en galego. De forma que aos galegos impónselles a obriga de realizar os trámites obrigatorios e públicos en español sen opción en galego, a pesar de pagaren taxas e prezos á Xunta”. Así, o Goberno non é quen de facer cumprir a Lei nin sequera nos bancos que se benefician do seu respaldo.

No que respecta a internet, a cousa non mellora, xa que “tan só o 33,33% das entidades garante o uso do galego na web, unha porcentaxe menor que o de linguas non oficiais como o inglés, que está presente no 42% dos casos”.

Desta maneira, malia que a “posibilidade de desenvolvermos unha vida plena en galego é condición esencial para a normalización lingüística, que a Xunta de Galiza ten o deber de impulsar e fomentar” e a pesar de que os “poderes públicos galegos teñen a obriga legal de combater a falsa naturalidade do tratamento do galego como lingua estranxeira na súa propia nación”, a realidade é que o Goberno galego está lonxe de satisfacer os dereitos lingüísticos da cidadanía.

CSV: REXISTRO00XV16H16
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 04/04/2019 16:46:59
Nº Registro: 48750
 Data envío: 04/04/2019 16:46:59.975



Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
 Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas legislativas
 oportunas para que os bancos, e, particularmente, os bancos que teñan convenios
 co Goberno, garantan o dereito de poder empregar o galego e poder ser atendido
 en galego.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019
16:42:31

Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 16:42:39

CSV: REXISTRO00XVIGH6
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 16:46:59
Nº Rexistro: 48750
Data envío: 04/04/2019 16:46:59.975



GRUPO PARLAMENTAR

Luis Villares Naveira na data 04/04/2019 16:42:45

CSV: REXISTRO00XVJGH16
Verificación:
<https://sede.parlamento-de-galicia.gal/franquesa/csv/>





(0049593) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 06/05/2019 16:53:58
Nº Rexistro: 49593
 Data envío: 06/05/2019 16:53:58.006



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **48750 [10/PNP-003685]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 7 de maio de 2019.

Emenda de adición

Engadir á parte resolutiva un segundo punto co seguinte texto:

“2. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as medidas legislativas necesarias para garantir e blindar os dereitos lingüísticos das galegas e galegos nas relacións comerciais.”

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO47X7V6M8
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 16:53:58
Nº Rexistro: 49593
Data envío: 06/05/2019 16:53:58.006

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/05/2019 16:48:10

Ana Pontón Mondelo na data 06/05/2019 16:48:15

CSV: REXISTROARTX7V0W9
Verificación:
<https://sede.parlamento-de-galicia.gal/franctes/csv/>





(0049612) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de en Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co curso do galego nas entidades bancarias (**10/PNC-003685**) **doc. 48750**

Emenda de modificación

Onde di: "... medidas legislativas oportunas..." , debe dicir: "...medidas normativas e políticas oportunas...."

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/05/2019 16:47:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/05/2019 16:47:43

CSV: REXISTROZ6KMYOUT5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

